



DECRETO DA ALCALDÍA

D. Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde-Presidente do Concello de Castro de Rei (Lugo).

Vista a proposta de selección resultante da Acta da reunión do Tribunal Cualificador nomeado para levar a cabo as probas para a selección de dous peóns que prestarán servizos con carácter temporal no concello de Castro de Rei para a realización da obra "Tarefas de mantemento forestal", de data 26 de xuño de 2020.

Vista a cláusula décima das *Bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal con carácter temporal (programas para a contratación temporal polas entidades locais de persoas para o fomento do emprego no medio rural)* para prestar servizos no concello de Castro de Rei (Lugo), aprobadas o 17 de xuño de 2019, por Decreto de Alcaldía Nº. 288.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, 61.1.h) da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e o 41.2 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a lista de aspirantes seleccionados, a lista de aspirantes de reserva e a proposta de selección do Tribunal Cualificador para cubrir dous postos de peón para a realización da obra/servizo denominada/o "Tarefas de mantemento forestal".

Segundo.- Aprobar a contratación dos seguintes aspirantes seleccionados para cubrir dous postos de peón para a realización da citada obra:

- D^a. Julia Carballeira Muíña con NIF 33320140V.
- D. Carlos Gómez Carballeira con NIF 33318760V.

Terceiro.- Formalizar os contratos de traballo baixo a modalidade de contrato temporal de traballos de interese social, en réxime de dedicación a tempo completo (100% da xornada), por un período de 9 meses comprendido entre os días 29 de xuño de 2020 a 28 de marzo de 2021 (ambos incluídos).

Cuarto.- Instar aos candidatos seleccionados para que presenten, no Rexistro Xeral do Concello de Castro de Rei, previamente á formalización dos contratos, a documentación que se relaciona na cláusula undécima das bases que rexen a convocatoria.

Quinto.- Determinar que a retribución dos traballadores relacionados que se van contratar para a realización da/o citada/o obra/servizo, que non está suxeita a ningún convenio é, en importe mensual, a da seguinte táboa:

NÚM. TRAB	GRUPO COTIZAC. SEG. SOC.	OCUPACIÓN	CNAE 2009 (4 díxitos)/ OCUPACIÓN (letra)	CUSTO UNITARIO MENSUAL				CUSTOS TOTAIS		
				SALARIO BRUTO (1)	% COTA PATRONAL SEG. SOC.	COTA PATRONAL A SEG. SOCIAL	TOTAL CUSTO MENSUAL	DURACIÓN CONTRATO EN MESES	TIPO XORNADA %	CUSTOS SALARIAIS TOTAIS
2	10	PEÓN	8411D	1.108,50	37,80	419,01	1.527,51	9	100%	27.495,18
TOTAL SUBVENCIONABLE				1.108,50	37,80	419,01	1.527,51	9	100%	27.495,18

(1) Incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e complementos salariais suxeitos a cotización.





CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250

C. I. F. P - 2701000 H - R. E. L. 01270109

Sexto.- Publicar o presente decreto na páxina web www.castroderei.gal, para os efectos do disposto na cláusula décima das citadas bases que rexen a convocatoria.

(Asinado dixitalmente á marxe).



Cod. Validación: 7SF7MSMD4AW3LQG9TWPNDLLX | Corrección: <https://castroderei.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2